

**Conflitividade e medios
de solución de conflitos
de traballo**

11

11.1 FOLGAS

É necesario sinalar con carácter previo que, á hora de examinar as cifras referentes ás folgas, tómanse estes datos coas reservas obrigadas pola disparidade que reflicten, segundo sexan ofrecidas polos distintos organismos oficiais ou os axentes sociais, sobre todo no aspecto de participantes e xornadas non traballadas que, en moitos casos, son froito de estimacións con distintos criterios.

As fontes de información son os cuestionarios estatísticos que cobren, para cada unha das folgas ou peches patronais, as unidades administrativas competentes das Comunidades Autónomas e a *Dirección General de Trabajo del Ministerio de Empleo y Seguridad Social*, dependendo do ámbito territorial de convocatoria do conflito. Este conxunto de información é remitido mensualmente á *Subdirección General de Estadística* do Departamento, para a elaboración da correspondente estatística.

Ademais, dado que non existe obriga formal, por parte das empresas, de comunicar á autoridade laboral o número de traballadores participantes nas folgas, as autoridades laborais provinciais conseguen esta información a través dalgunhas das seguintes fontes: consulta directa ás empresas, consulta ás organizacións patronais e sindicais, ou ben, facendo seguimento das folgas mediante enquisas.

A información ofrecida neste apartado refírese a todas as folgas das que se tivo coñecemento, exista ou non constancia administrativa previa da súa convocatoria, excepto os seguintes tipos de folgas:

- As que non implican xornadas non traballadas, como as chamadas folgas de celo.
- As de duración inferior a unha hora.
- As que se refiren a actividades convencionalmente non produtivas: folgas de estudantes, de consumidores, etc.
- As que afectan a colectivos sen dereito a folga: persoal militar e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A unidade folga, obxecto da estatística, asóciase á unidade de convocatoria, independentemente do seu ámbito territorial, sectorial e temporal, así como do seu carácter continuo ou discontinuo.

Nas folgas desenvolvidas no ano inclúense todas as que tiveron incidencia neste, podendo haber comezado nese ano ou en períodos anteriores.

Enténdese por centros de traballo e cadro de persoal "convocados", aqueles centros e os seus respectivos cadro de persoal que pertencen ao ámbito de convocatoria da folga, podendo participar ou non nesta.

Por traballadores/as participantes enténdese o número de traballadores/as que efectivamente participaron na folga suspendendo o seu traballo, xa sexa durante todo o tempo de duración do conflito ou nunha parte do mesmo.

O número de xornadas non traballadas obtense, nos conflitos de días completos e con participación constante, multiplicando o número de traballadores/as participantes polo número de días laborables de

duración do conflito; nos conflitos nos que a participación non é constante e/o a interrupción do traballo non afecta á xornada completa (entendendo por xornada completa a xornada laboral habitual que realiza un traballador sen incluír, en ningún caso, as horas extraordinarias), o cálculo das xornadas non traballadas en cada folga obtense multiplicando o número de traballadores/as que participaron cada un dos días de duración da folga pola parte de xornada non traballada cada día e sumando este resultado para todos os días de duración.

Os datos anuais e acumulados preséntanse regularizados, é dicir, contabilízase unha soa vez o número de folgas, cadros de persoal das empresas e traballadores/as afectados, coa fin de eliminar aquelas folgas que, iniciadas nun mes dado, continúan en meses sucesivos. Polo contrario, as xornadas non traballadas en cada mes, si se suman no caso anteriormente mencionado.

Considéranse folgas de ámbito provincial as que afectan só unha provincia. Á hora de contabilizar as folgas provinciais, aténdese ao concepto “folgaprovincia”. Trátase dun concepto estatístico que ten por obxecto medir a incidencia ou a repercusión que a folga tivo en cada provincia, só dentro do seu respectivo ámbito territorial.

Nas folgas de ámbito autonómico, cada convocatoria de folga considérase un só conflito, independentemente do número de provincias ás que afecte.

Sen entrar en valoracións numéricas comparativas con anos anteriores, dada a variación no tempo de cifras que se ofrecen polas mesmas fontes, pódese dar un cadro xeral das consideradas neste momento desde 2005 a 2014 a nivel estatal (cadro 11.1) que permite observar que, se ben existiu unha evolución crecente do número de folgas nos anos 2012 e 2013, diminúen no ano 2014 apreciándose esta minoración significativa, tanto en número de folgas como nos traballadores participantes e as xornadas non traballadas.

Cadro 11.1

Evolución das folgas desenvolvidas segundo principais características.
España. 2005-2014

	Folgas	Participantes ⁽¹⁾	Xornadas non traballadas ⁽¹⁾	Centros de traballo convocados	
				Número	Cadro de persoal ⁽¹⁾
2005	669	331,3	758,9	42.055	1.454,3
2006	779	499,2	927,4	130.298	1.504,2
2007	751	492,1	1.182,7	45.235	1.429,2
2008	810	542,5	1.508,7	581.350	5.860,4
2009	1.001	653,4	1.290,8	105.830	1.502,5
2010	986	340,8	671,5	46.393	1.332,7
2011	777	221,9	485,0	304.341	3.344,0
2012	880	330,6	1.297,0	39.733	1.372,7
2013	998	448,4	1.099,7	45.836	1.634,4
2013	777	217,0	620,6	7.666	618,5

(1) Datos en miles

Elaboración propia

Fuente: Ministerio de Empleo e Seguridade Social

Como pode verse no cadro 11.2 foron realizadas, durante 2014, 5 folgas autonómicas, 1 de sector e 4 de empresa, todas elas pola mesma causa, o anuncio ou aplicación de medidas de política económica-social, como se detalla no cadro 11.3.

Cadro 11.2

Folgas de ámbito autonómico convocadas, realizadas, desconvocadas, sen participación e suspendidas. Galicia 2014

	Folgas autonómicas				
	Convocadas	Realizadas	Desconvocadas	Sen participación	Suspendidas
Empresa	12	4	8	—	—
Sector	1	1	—	—	—
Totais	13	5	8	-	-

Fonte.- Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 11.3

Folgas de ámbito autonómico desenvolvidas segundo o motivo ou a causa da convocatoria. Ano 2014

	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	Total
Empresa																	4		4
Sector																	1		1
Total	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	0	5

Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo										Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva									
(11).- Presión pola negativa a negociar un convenio										(20).- Reconversión industrial									
(12).- Presión pola negativa a revisar un convenio										(21).- Regulación de emprego (exclu. os de reconv. industrial)									
(13).- Presión durante a negociación dun convenio										(22).- Organización/sistemas de traballo									
(14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente										(23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene									
(30).- Conflitos relacionados con causas sindicais										(24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias									
(40).- Conflitos de solidariedade										(25).- Incumprimento de acordos ou normas legais									
(50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social										(26).- Falta de pagamento de salarios									
(60).- Conflitos por outras causas non laborais										(27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio									
										(28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio									
										(29).- Outras causas laborais									

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Polo que se refire ás folgas provinciais (cadro 11.4), en 2014 foron realizadas 96, das 215 convocadas, resaltando, en número de folgas, a provincia da Coruña.

Cadro 11.4

Folgas de ámbito provincial convocadas, realizadas, desconvocadas, suspendidas e sen participación. Ano 2014

	Folgas provinciais				
	Convocadas	Realizadas	Desconvocadas	Sen participación	Suspendidas
A Coruña	125	61	64	—	—
Lugo	19	4	15	—	—
Ourense	8	5	3	—	—
Pontevedra	63	26	37	—	—
Totais	215	96	119		

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Das 96 folgas de carácter provincial realizadas na Comunidade Autónoma, 91 foron de empresa e 5 de sector (cadro 11.5).

Cadro 11.5**Folgas de ámbito provincial de empresa e de sector. Ano 2013**

		Convocadas	Realizadas	Desconvocadas	Sen participación
A Coruña	Empresa	120	57	63	—
	Sector	5	4	1	—
	Total	125	61	64	—
Lugo	Empresa	19	4	15	—
	Sector	—	—	—	—
	Total	19	4	15	—
Ourense	Empresa	8	5	3	—
	Sector	—	—	—	—
	Total	8	5	3	—
Pontevedra	Empresa	62	25	37	—
	Sector	1	1	—	—
	Total	63	26	37	—
GALICIA	Empresa	209	91	118	—
	Sector	6	5	1	—
	Total provincial	215	96	119	—

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

A causa de anuncio ou aplicación de medidas de política económica-social é o motivo específico máis frecuente das folgas realizadas no ano 2014, seguíndolle en número a presión pola negativa a firmar un convenio (cadro 11.6).

Cadro 11.6

Folgas de ámbito provincial realizadas, segundo o motivo ou a causa da convocatoria. Ano 2014

	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	Total
A Coruña	8	9	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	44	—	61
Lugo	3	1	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	4
Ourense	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	5	—	5
Pontevedra	6	16	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	2	1	1	26
Total	17	26	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	—	2	50	1	96

Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo	Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva
(11).- Presión pola negativa a negociar un convenio	(20).- Reconversión industrial
(12).- Presión pola negativa a revisar un convenio	(21).- Regulación de emprego (exclu. os de reconv. industrial)
(13).- Presión durante a negociación dun convenio	(22).- Organización/sistemas de traballo
(14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente	(23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene
(30).- Conflitos relacionados con causas sindicais	(24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias
(40).- Conflitos de solidariedade	(25).- Incumprimento de acordos ou normas legais
(50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social	(26).- Falta de pagamento de salarios
(60).- Conflitos por outras causas non laborais	(27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio
	(28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio
	(29).- Outras causas laborais

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Por último (cadro 11.7), e con datos do *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*, ofrécese unha perspectiva da incidencia das folgas nas provincias, con independencia do ámbito territorial de convocatoria das mesmas, dato que non permite análise dada a disparidade que se aprecia nas cifras en relación coas anteriormente sinaladas.

Cadro 11.7

Folgas desenvolvidas, traballadores participantes e xornadas non traballadas, segundo criterio de repercusión, por provincia. Galicia 2014

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
A Coruña	87	71	20.403	21.288	42.543	31.603
Lugo	14	12	1.382	457	1.387	3.364
Ourense	17	14	1.586	418	1.557	1.461
Pontevedra	40	39	21.044	2.490	21.578	14.260
Galicia	115	115	44.415	24.653	67.065	50.688

(1) El criterio de repercusión territorial se refiere a que a cada provincia se le asignan, además de los resultados de las huelgas cuyo ámbito territorial haya sido dicha provincia, la repercusión que en la misma hayan tenido las huelgas de su comunidad autónoma y nacionales.

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Traballo e Seguridade Social.

11.2 CONCILIACIÓNS COLECTIVAS E INDIVIDUAIS

Incorpóranse os cadros nos que, segundo datos facilitados pola Consellería de Traballo e Economía Social, aparecen reflectidos os conflitos colectivos e individuais en que participou a Comunidade Autónoma galega e o resultado obtido.

No que a conciliacións individuais se refire resaltan as cifras de reclamacións de cantidade e despedimentos, sendo clara a alta actividade destas unidades en relación coas cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza.

Nas conciliacións colectivas, na maioría delas non se acadou acordo entre as partes.

Cadro 11.8

**Conciliacións individuais segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.
Ano 2014**

	Despedimentos	Reclamación de cantidade	Sanción e causas varias	Total
A Coruña	4.863	5.161	2.009	12.033
Lugo	1.153	1.655	568	3.376
Ourense	899	1.025	493	2.417
Pontevedra	3.588	4.215	879	8.682
Galicia	10.503	12.056	3.949	26.508

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de traballo e Economía Social

Cadro 11.9

Conciliacións individuais segundo o tipo de resolución, provincia e totais Galicia. Ano 2014

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras *	Total
A Coruña	2.514	4.983	4.536	12.033
Lugo	811	1.362	1.203	3.376
Ourense	496	911	1.010	2.417
Pontevedra	1.933	3.428	3.321	8.682
Galicia	5.754	10.684	10.070	26.508

* Intentadas sen efecto e outras (as tidas por presentadas, desistidas e outros tipos)

Fonte: Consellería de traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 11.10

Conciliacións individuais en materia de despedimentos segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia. Ano 2013

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras*	Total
A Coruña	2.002	1.742	1.119	4.863
Lugo	567	365	221	1.153
Ourense	335	349	215	899
Pontevedra	1.440	1.213	935	3.588
Galicia	4.344	3.669	2.490	10.503

*Intentadas sen efecto e outras (as tidas por presentadas, desistidas e outros tipos)

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 11.11

Conciliacións individuais en materia de reclamacións de cantidade segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia. Ano 2014

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras*	Total
A Coruña	416	2.196	2.549	5.161
Lugo	196	730	729	1.655
Ourense	115	344	566	1.025
Pontevedra	449	1.679	2.087	4.215
Galicia	1.176	4.949	5.931	12.056

*Intentadas sen efecto e outras (as tidas por presentadas, desistidas e outros tipos)

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 11.12

Cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza segundo a motivación por provincia e totais. Galicia 2014

	Despedimentos	Reclamación de cantidade	Sancións e causas varias	Total
A Coruña	40.714	1.883	406.848	449.445
Lugo	7.150	437.813	665.671	1.110.634
Ourense	4.983	543.579	344.583	893.145
Pontevedra	31.735	1.396.845	106.995	1.535.575
Galicia	84.582	2.380.120	1.524.097	3.988.799

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 11.13**Conciliacións colectivas por ámbito territorial: Número, empresas afectadas e persoas traballadoras afectadas. 2014**

		Número de conciliacións	Empresas afectadas	Persoas traballadoras afectadas
A Coruña	Con avinza	2	2	526
	Sen avinza	35	48	5.888
	Resto (1)	23	26	15.924
Lugo	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	21	6	2.371
	Resto (1)	3	3	1.189
Ourense	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	2	2	235
	Resto (1)	3	3	620
Pontevedra	Con avinza	2	3	57
	Sen avinza	26	32	4.347
	Resto (1)	11	11	1.258
Autonómicas	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	10	16	4.608
	Resto (1)	0	0	0
Galicia	Con avinza	4	5	583
	Sen avinza	94	618	17.449
	Resto (1)	40	43	18.991

(1) Resto: Intentadas sen efecto, tidas por non presentadas, desistidas e outras

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

11.3 XULGADOS DO SOCIAL

O cadro 11.15.a (Asuntos resoltos, segundo materia obxecto da demanda, por comunidade autónoma e provincia), recolle os asuntos resoltos polos Xulgados do Social en cada comunidade autónoma (con desglose provincial na nosa) segundo a materia obxecto da demanda, clasificándose en tres grandes apartados:

- Conflitos colectivos
- Conflitos individuais
- Conflitos relacionados con temas da Seguridade Social

Cadro 11.15a

Asuntos resoltos, segundo materia obxecto da demanda a nivel estatal.
Por comunidade autónoma e provincia. 2013 - 2014

	Total		Conflitos Colectivos		Conflitos Individuais		Seguridade Social	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
TOTAL	354.272	356.427	2.920	3.618	276.959	273.057	74.393	79.752
Galicia	26.021	26.562	202	351	17.802	18.295	8.017	7.916
A Coruña	10.605	10.475	75	131	7.241	7.395	3.289	2.949
Lugo	2.874	2.946	28	100	2.155	2.214	691	632
Ourense	3.216	3.570	11	35	1.761	2.028	1.444	1.507
Pontevedra	9.326	9.571	88	85	6.645	6.658	2.593	2.828

Fonte: Anuario de estadísticas laborales. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Galicia representa un 7,45% do total de comunidades autónomas no mesmo ano.

No ano 2014 os xulgados do social de Galicia resolveron un total de 26.562 asuntos da orde xurisdiccional social. No ano precedente resolvéronse 26.021 asuntos.

De tales asuntos o maior número de sentenzas corresponden a conflitos individuais 18.295 (un 68,87% do total). Seguidos de asuntos referidos á Seguridade Social/prestacións 7.916 (un 29,80%) e, a considerable distancia, asuntos referidos a conflitos colectivos 351 asuntos (un 1,32% do mesmo total).

O cadro 11.15.b amosa as cantidades acordadas en conflitos individuais, segundo a materia obxecto da demanda e a clase de resolución, por comunidade autónoma e provincia.

Cadro 11.15b

Conflitos individuais. Cantidades acordadas, segundo materia obxecto da demanda e clase de resolución.
Por comunidade autónoma e provincia. 2014

	Cantidades acordadas en conflitos individuais								
	Miles de euros								
	Total conflitos individuais			Despedimentos			Reclamacións derivadas do contrato de traballo		
	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	2.063.512,7	1.164.296,5	899.216,2	1.328.986,2	654.451,3	674.534,9	582.962,6	414.822,7	168.139,9
Galicia	107.593,5	77.039,4	30.554,1	68.273,3	44.767,1	23.506,2	39.320,2	32.272,3	7.047,9
A Coruña	43.224,0	28.972,7	14.251,3	30.882,6	18.745,7	12.136,9	12.341,4	10.227,0	2.114,4
Lugo	11.635,2	9.156,1	2.479,1	8.323,2	6.461,7	1.861,5	3.312,0	2.694,4	617,6
Ourense	11.311,4	9.115,6	2.195,8	7.758,7	6.124,2	1.634,5	3.552,7	2.991,4	561,3
Pontevedra	41.422,9	29.795,0	11.627,9	21.308,8	13.435,5	7.873,3	20.114,1	16.359,5	3.754,6

Fonte: Anuario de estadísticas laborales. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

No cadro 11.15.c recollese os traballadores despedidos, cantidades acordadas e contías medias, segundo clase de resolución, por comunidade autónoma e provincia.

Cadro 11.15c

Traballadores despedidos, cantidades acordadas e cuantías medias, segundo calse de resolución.
Por comunidade autónoma e provincia. 2014

	Despedimentos								
	Traballadores despedidos (1)			Cantidades acordadas miles de euros			Cuantías medias en euros		
	Total	Sentenza (2)	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	97.204	42.921	54.283	1.328.986,2	654.451,3	674.534,9	14.944,2	15.247,8	12.426,3
Galicia	6.085	3.378	2.707	68.273,3	44.767,1	23.506,2	16.744,2	13.252,6	8.683,5
A Coruña	2.801	1.478	1.323	30.882,6	18.745,7	12.136,9	7.222,9	12.683,1	9.173,8
Lugo	642	415	227	8.323,2	6.461,7	1.861,5	11.315,2	15.570,4	8.200,6
Ourense	521	350	171	7.758,7	6.124,2	1.634,5	12.154,1	17.497,9	9.558,3
Pontevedra	2.121	1.135	986	21.308,8	13.435,5	7.873,3	8.104,0	11.837,5	7.985,1

(1) Non inclúe aos traballadores afectados por asuntos "desistidos" e asuntos terminados "por outras causas"

(2) Non inclúe os traballadores afectados por sentenza desfavorable ao traballador
Fonte: Anuario de estadísticas laborais. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

Os importes aboados por indemnizacións derivadas de despedimentos alcanzaron no ano 2014 os 68.273,30€, un 5,13% do total de España; respecto o ano precedente, a cantidade redúcese un 30% (Año 2013: 96.898,9€).

11.4 SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é máxima expresión do Poder Xudicial na comunidade autónoma. Constituíuse o 23 de maio de 1989 como órgano integrante da estrutura xudicial. Os Tribunais Superiores de Xustiza xorden da planta prevista no artigo 26 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Está integrado por tres Salas de Xustiza:

- Sala do Civil e Penal
- Sala do Contencioso Administrativo
- Sala do Social

A Sala do Social

Encargase dos recursos de súplica contra as resolucións dos Xulgados do Social do territorio, así como de cuestións de competencia que se susciten entre eles.

Aparte destas competencias xurisdiccionais, o Tribunal Superior tamén ten outras de carácter governativo que radican no seu Presidente e na Sala de Goberno.

A Sala de Goberno

É o órgano de goberno interno dos xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma.

O seu obxectivo principal é a organización do funcionamento diario dos xulgados e tribunais de Galicia.

Está constituída por:

- O presidente do Tribunal
- Os presidentes das salas

- Os presidentes das catro audiencias provinciais
- Un número igual de maxistrados ou xuíces elixidos por todos os membros da carreira xudicial destinados na comunidade autónoma. Polo menos un deles ten que ter a categoría de xuíz.

O presidente da Sala de Goberno é o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Sala do Social resolve, entre outros:

- Procesos en única instancia
- Recursos de Suplicación en única instancia dos xulgados do Social
- Recursos de queixa, Recursos de súplica e de reposición.
- Resolve así mesmo recursos de revisión contra Resolucións do Secretario Xudicial.

O Consello Xeral do Poder Xudicial elabora estatísticas que nos permiten coñecer a actividade do órgano xudicial.

As ditas estatísticas ofrecen os datos de asuntos que ingresan e asuntos resoltos, con periodicidade trimestral e coñecer así, o movemento e a actividade de asuntos que ocupan ao Tribunal Superior de Xustiza ao longo de cada ano.

O cadro 11.16 reflicte o movemento de asuntos por trimestres durante o ano 2013.

Cadro 11.16

Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Asuntos por procedemento e situación. Ano 2014

	Pendientes ao inicio	Ingresados	Demandantes	Reiniciados	Acumulados	Resoltos	Pendientes ao finalizar
- Asuntos Sociais	23.532	28.923	34.458	138	980	26.562	24.861
-Conflitos Colectivos	225	251	1.081	1	13	351	105
-Despidos	3.386	7.069	8.264	44	482	7.177	2.823
-Cantidades	10.603	10.875	13.945	35	348	9.428	11.605
-Seg. Social	7.063	8.412	8.535	21	95	7.442	7.967
-Accid. traballo, enferm. profes., prevención riscos labor.	263	312	319	2	10	330	265
-Proc. Impugnación actos admvos laboral e seg. Social	207	167	171	2	4	144	200
-Dereitos fundamentais e liberdades públicas	38	97	107	1	1	101	29
-Outros	1.747	1.740	2.036	32	27	1.589	1.867
- Procesos monitorios	39	291	0	0	0	164	166
- Asuntos sentenc. pendentes de firmeza	0	0	0	0	0	0	1.240
- Asuntos art. 50,51 Lei concursal	0	82	0	0	0	0	0
- Execucións	5.848	7.537	0	260	434	7.891	5.072
- Solicitude cooperación xudicial	23	533	0	0	0	533	23
- Incidentes art. 241.1 LOPX	3	41	0	0	0	43	1
- Asuntos pendentes de sentenciar (<3 meses)	0	0	0	0	0	0	496
- Asuntos pendentes de sentenciar (>3 <6 meses)	0	0	0	0	0	0	14
- Asuntos pendentes de sentenciar (>6 meses)	0	0	0	0	0	0	0
- Execucións recibidas dos xulgados do social	0	0	0	0	0	0	0
- Execucións recibidas proc. do C.MA.AC.	0	0	0	0	0	0	0
- Total execucións	0	0	0	0	0	0	0
- Movementos de execucións (social executorias)	0	0	0	0	0	0	0
- Despacho de auxilio xudicial (social executorias)	0	0	0	0	0	0	0
- Demandas pendentes de incoar	0	0	0	0	0	0	3.446

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social

11.5 XESTIÓN DO ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS COLECTIVOS DE TRABALLO (AGA)

Os expedientes xestionados ao abeiro do AGA dende os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2014 son 988, cun total de 788.005 traballadores afectados.

Nunha primeira aproximación a esta estatística, podemos dicir que o 57,4% deses expedientes corresponde ao sector servizos, o 40,3% ao da industria, o 0,9% ao da pesca, o 1,2% ao da construción e o 0,2% ao de agricultura..

No cadro 11.17 pódese apreciar a distribución destes expedientes segundo o ámbito xeográfico e diferenciando tamén os que corresponden a conflitos de empresa e de sector.


Cadro 11.17

AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. (01.06.1992 - 31.12.2014)

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	113	407	122	37	309	988
Traballadores afectados	119.101	314.371	48.113	10.736	289.684	782.005
Expedientes de conflitos de sector	38	43	10	10	61	162
Traballadores afectados conf. sector	100.478	249.278	22.150	7.502	259.004	638.412
Expedientes de conflitos empresa	75	364	112	27	248	826
Traballadores afectados conf. empresa	18.623	65.093	25.963	3.234	30.680	143.593

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Traballadores afectados



O cadro 11.18 resume os expedientes iniciados e xestionados ao abeiro do Acordo no ano 2014.

O 90,5% dos procedementos tramitados no ano 2014 foron conciliacións ou mediación que afectaron a 15.524 traballadores e 1.188 empresas. O 9,5% restante foron arbitraxes que afectaron a 735 traballadores e 6 empresas.

Cadro 11.18

AGA. Total expedientes. 2014

Expedientes iniciados	105			
Expedientes desistidos	2			
Expedientes en tramitación	3			
Expedientes rexeitados	33			
Expedientes arquivados por solución previa	4			
Expedientes tramitados	63			
Conciliacións/Mediacións	57			
Arbitraxes	6			
		Conflitos con resultado positivo	Empresas afectadas	Traballadores afectados
		4	103	2.022,00
		39	1.188	15.524
		3	6	735
		46	1.297	18.281

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

O cadro 11.19 recolle a distribución territorial da conflitividade colectiva, diferenciando entre conflitos de sector e de empresa e indicando o número de traballadores afectados.

No ano 2014 iniciáronse 105 expedientes, que afectaron a 1.654 empresas e 33.943 traballadores. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano foi do 73,1%. A provincia onde máis expedientes se iniciaron foi na da Coruña (cun 42,9% do total dos iniciados) seguida de Pontevedra (29,5%).


O maior número de traballadores afectados polos expedientes presentados este ano pertence á provincia da Coruña con 15.305 (un 45,1%), seguido do grupo de expedientes que teñen como ámbito afectado o conxunto da comunidade autónoma con 10.345 (30,5%).

Seguindo coa tendencia xeneralizada en anos anteriores a maioría dos conflitos presentados son de ámbito de empresa (o 89,5%).

Cadro 11.19**AGA. Distribución territorial dos conflitos presentados. 2014**

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	14	45	12	3	31	105
Traballadores afectados	10.345	15.305	3.281	973	4.039	33.943
Expedientes de conflitos de sector	6	4	0	1	0	11
Traballadores afectados conf. sector	9.297	9.587	0	700	0	19.584
Expedientes de conflitos empresa	8	41	12	2	31	94
Traballadores afectados conf. empresa	1.048	5.718	3.281	273	4.039	14.359

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais




No cadro 11.20 pódese apreciar o resultado obtido polos procedementos presentados ao abeiro do AGA durante este ano.

Cadro 11.20**AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial. 2014**

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	14	45	12	3	31	105
Expedientes desistidos	1	0	0	0	1	2
Expedientes rexeitados pola contraparte afectada	7	19	3	1	3	33
Conflitos resolto por acordo previo	0	2	1	0	1	4
Expedientes tramitados	6	22	8	2	25	63
Expedientes con resultado positivo	5	15	5	2	18	45
Expedientes con resultado negativo	1	7	3	0	7	18
Expedientes en tramitación	0	2	0	0	1	3

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



O cadro 11.26 informa sobre a pertenza dos expedientes instados aos distintos sectores económicos de actividade, segundo o encadramento neles da empresa ou sector de procedencia do conflito.


Neste ano o 55,2% dos conflitos presentados proceden do sector servizos, o 43,8% do sector da industria e o 1,0% restante, do sector da construción. O sector dos servizos é o que engloba o maior número de traballadores afectados, cun 70,1%

Cadro 11.21

AGA. Expedientes por sectores económicos e persoas traballadoras afectadas. 2014

	Núm. expedientes	Núm. Persoas traballadoras
Agricultura	0	0
Pesca	0	0
Industria	46	9.686
Construción	1	450
Servizos	58	23.807
Total	105	33.943

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais



Por último indicar que os procedementos de ámbito de sector iniciados foron os seguintes: Pompas Fúnebres de Galicia (mediación rematada con acordo), Transporte de Viaxeiros por Estrada de Ourense (mediación rexeitada pola parte social), Transporte de Mercadorías por Estrada da Coruña (mediación rematada con acordo), Transporte de Enfermos e Accidentados en Ambulancia de Galicia (en dúas ocasións, sendo ambas mediacións rexeitadas pola parte empresarial), Guindastres Móviles Autopropulsados de Galicia (mediación rexeitada pola parte empresarial), Residencias Privadas da Terceira Idade (mediación rexeitada pola parte social), Empresas Concesionarias de Servizos Municipais de Aparcamiento e/ou Retirada de Vehículos da Coruña (mediación rexeitada pola parte empresarial), Transporte de Viaxeiros en Autobús por Estrada da Coruña (en dúas ocasións, unha resolta ao acadarse solución previa entre as partes en conflito, a outra rematada con acordo), Eventos, Servizos e Producións Culturais de Galicia (mediación rematada con acordo).